



# Álex Mene

## VENTÁS PARA UNHA FUGA

do 3 ao 30 de novembro

Ventás para unha fuga é unha exposición que consta de 6 fotografías en vinilo que están pegadas en diferentes espazos do interior da biblioteca. Estas imaxes colócanse sobre as paredes que non teñen ventá e, así, as fotografías funcionan a modo de trampantoxo ou *trompe l'oeil*.

A intervención é pequena, só 6 pezas, e están repartidas polas diferentes plantas do edificio da biblioteca. A idea é que a súa dispersión e pouca cantidade provoquen certa dúbida sobre se é ou non unha exposición e haxa que buscar as obras, as ventás, polos diferentes andares. É unha intervención poética e sutil que xoga cos conceptos de dentro e fóra e coa percepción das perspectivas.

### Álex Mene [Vigo 1969]

Doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo e licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid, cidade onde tamén se especializou en Realización e Produción no IORTV. Dende que en 1998 foi seleccionado polo INJUVE de Madrid até a súa presenza en Barcelona no LOOP'05 ou no FIAV.05 do Centre d'Art Santa Mònica, a súa traxectoria expositiva pasa pola concesión da bolsa Novos Valores da Deputación de Pontevedra no 2000 e a selección no Premio Miquel Casablanques de Barcelona en 2003. No ano 2000, a revista *FOTO* escolleuno para unha reportaxe sobre os novos fotógrafos españois. As súas pezas audiovisuais estiveron presentes en numerosos festivais nacionais e internacionais: Certamen de cortos de Caja Madrid, Festival de Cine Independiente de Elche, Certamen de Jóvenes Realizadores de Zaragoza, Rec.06, Festival de Creación Audiovisual de Tarragona, Festival de Cine de Girona etc. A liña de investigación na que traballa está centrada no paso do tempo e a memoria. As súas últimas mostras colectivas tiveron lugar no ano 2014 na Casa da Cultura Galega de Vigo —Afinidades Selectivas 6—, no Verbum —Procesalia Vigo— e, en 2015, na galería Espacio 48 de Santiago de Compostela e no Outono Fotográfico de Ourense.